



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O **Programa Agrobiotech Innovación** posto en marcha pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, é un programa de aceleración destinado a impulsar o crecemento sostible das pemes innovadoras galegas en fase de consolidación, especializado en sectores estratéxicos para a RIS3 de Galicia: biotecnoloxía, agroalimentación e biomasa.

Dentro da planificación de actividades transversais destinadas a empresas e axentes da innovación destes sectores, destaca a celebración, os vindeiros **26 e 27 de novembro** no Parque Tecnolóxico de Galicia (San Cibrao das Viñas, Ourense), do **Encontro Agrobiotech Innovación**.

Trátase dun **congreso multisectorial** no que se abordarán máis de quince temáticas de interese para os sectores **agroalimentario, biotecnolóxico e da biomasa**, desvolvidas por 45 expertos ponentes nacionais e internacionais e no que, ademais, as empresas participantes contarán con área de exposición para a mostra dos seus produtos e servizos, espazos permanentes de networking, axenda de reunións one to one ou relatorios de casos de éxito e de axentes galegos da innovación, entre outras actividades.

Para acceder ao programa definitivo con información sobre as actividades e ponencias programadas, a relación de expertos participantes ou as empresas e entidades inscritas, así como realizar a túa **inscripción de forma gratuíta**, podes acceder no seguinte [enlace](#).

Agardando que esta información sexa do teu interese,

despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.